



Mónica Castro Nogareda, Concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello da Laracha, ao abeiro do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, presenta para a súa contestación no vindeiro Pleno Ordinario da Corporación a seguinte **PREGUNTA**:

O pasado 22 de xuño de 2007 saía publicado no BOP número 143 da Coruña o anuncio do concurso para contratación da obra estrada Laracha-Cerceda cun prazo de execución de 7 meses.

No BOP número 201 da Coruña do 31 de agosto de 2007 publicábase o anuncio da adjudicación obra estrada Laracha a Cerceda, con data de 14 de agosto de 2007, a empresa Construcións López Cao, S.L. cun importe de 649.438,41 €

A data 24 de xullo de 2008, xa pasado máis dun ano da data de adjudicación cáusannos preocupación as seguintes observacións que a continuación expoñemos:

- Pasados 5 meses da data de entrega das obras finalizadas, aínda estamos lonxe do remate efectivo e eficiente de dita obra de acondicionamento da estrada, non facéndose público explicación algunha dos motivos que levaron a tal retraso e as medidas que se adoptaron dende o concello.
- Obsérvase unha sinalización ineficiente ao longo de todo o recorrido, xa sexa de tipo informativo ou de seguridade viaria, o que está a causar trastornos e malestar entre os usuarios afectados pois non teñen información sobre o desenvolvemento das obras nin cando se teñen pensado rematar.
- Certos tramos están bastante máis avanzados que outros que parece que aínda están sen empezar, pero descoñécese como van quedar exactamente os tramos rematados, é dicir, tipo de pavimentación, sinalización que se vai empregar, regulación dos límites de velocidade, etc.

Por todo isto formulamos as seguintes PREGUNTAS relacionados co anteriormente exposto:

- 1. Pensa o goberno municipal facer algunha explicación dos motivos do retraso das obras e indicar que medidas se van tomar ao respecto?*
- 2. Vaise poñer algún tipo de cartel informativo onde os cidadáns poidan consultar os datos da obra (contratista, orzamento, prazos de execución, etc)?*
- 3. Nas zonas da estrada que transcorren por núcleos de poboación téñense pensado poñer as sinais de limitación de velocidade axeitadas, claramente visibles, ou algún outro elemento que eleve a seguridade dos habitantes desas zoas como poden ser pasos de peóns elevados ou elementos similares?*
- 4. O tipo de pavimentación que se empregou nos tramos da estrada máis avanzados e provisional ou vai ser cambiado por outro de maior calidade que garanta un maior agarre e firmeza, e polo tanto seguridade, dos vehículo que circulen por el?*

A Laracha, 23 de abril de 2008

Asdo.: Mónica Castro Nogareda
Concelleira do Grupo Municipal do BNG da Laracha

Sr. Alcalde, Presidente do Concello da Laracha